



CONCELLO DE PONTECESO  
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL: 01150682  
RELG: MU2000/15

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA AMPLIACIÓN DA CONTRATACIÓN DO PLAN DE EMPREGO SOCIAL 2020-2021

Logo de ver a proposta de APIN de financiamento do Plan de Emprego Social de 2020-2021, na que se motiva a mesma coa necesidade de proceder a unha ampliación do mesmo para contrarrestar a situación social e laboral da poboación deste concello con necesidades específicas, agravadas pola incidencia da crise sanitaria provocada pola pandemia do COVID-19.

Considerando que existe a posibilidade de financiamento de novas contratacións con cargo a recursos propios municipais, como así consta no certificado de existencia de crédito expedido pola Intervención Municipal de data 01-12-2020, e o informe de fiscalización de data 03-12-2020.

Considerando o establecido nos artigos 216 e ss do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba TRLRFL, cando existan discrepancias, en virtude do establecido no artigo 217.1 a alcaldía-presidencia deberá resolver a mesma, sendo a súa resolución executiva, polo que enténdese amplamente xustificada no seguinte:

- A existencia da necesidade de acometer distintos traballos de competencia municipal, limpeza de vieiros públicos, accesos aos núcleos de poboación, e das instalacións municipais, competencias propias, consonte ao establecido no artigo 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, para o que non se conta con suficiente persoal municipal que poidan prestar este servizo, ao considerar insuficientes aos dez operarios contratados inicialmente, polo que se estima necesario para cumprir o dobre fin de promover o emprego neste termo municipal, reducindo a incidencia da crise sanitaria provocada pola pandemia do Covid-19, e paliar as necesidades de persoal, ao contar neste intre coa bolsa de emprego aprobada pola resolución da alcaldía núm. 878/2020, de data 27-11-2020, na que están incluídos 7 aspirantes que superaron o proceso selectivo, sendo, entre outras, para novas contratacións que se poidan producir durante a vixencia deste Plan de Emprego Social de 2020- 2021.
- Desde o departamento de Servizos Sociais infórmase que os sete aspirantes que se encontran na lista de reserva son persoas vulnerables, cunha situación social e económica que neste intre se encontra agravada pola incidencia do COVID 19, e o feito de proporcionarlles traballo durante seis meses mellorará a situación de sete familias deste termo municipal, e cumprírase a necesidade de contar con traballadores suficientes para os traballos anteriormente reflectidos, competencia municipal. Cumpríndose así os dous fins do Plan de Emprego Social 2020-2021.
- A proposta da concelleira delegada.
- A existencia de crédito suficiente e a proposta do voceiro do G.M. de APIN SON.

Considerando que pola resolución da alcaldía núm. 878/2020 do 27-11-2020 aprobouse a contratación dos dez primeiros candidatos propostos pola comisión de selección e a lista de reserva, formada polos sete aspirantes que non acadaron praza na contratación inicial, a cal está formada polos seguintes:

<u>Posto</u>	<u>DNI</u>	<u>Nome e Apelidos</u>
--------------	------------	------------------------



CONCELLO DE PONTECESO  
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL: 01150682  
RELG: MU2000/15

1. \*\*\*4488\*\* PEÑA GARCÍA LUIS
2. \*\*\*0341\*\* ABDERRAHAMÁN ROMERO DINA
3. \*\*\*5365\*\* RODRÍGUEZ VARELA MARTÍN
4. \*\*\*2645\*\* CARABEL VARELA ROBERTO
5. \*\*\*1724\*\* ÁLVAREZ COLLAZO JOSE DANIEL
6. \*\*\*0055\*\* LEMA LEMA MARÍA CONSUELO
7. \*\*\*0570\*\* MARQUEZ VARELA MIGUEL PABLO

Por todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente,

## RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Levantar os reparos suspensivos emitidos pola Intervención Municipal na fiscalización do expediente, ao abeiro do establecido no art. 217.1 do RDL 2/2004, TRLRFL.

**SEGUNDO.-** Contratar aos candidatos propostos pola comisión de selección como lista de reserva do “Plan de Emprego Social do Concello de Ponteceso” para os postos de Operarios de Servizos Múltiples, persoal laboral temporal, polo período de 6 meses, cos efectos iniciais de 7 de decembro de 2020, e coas retribucións de 950 euros mensuais, prorrata pagas extraordinarias 158,33 euros, que totalizan a contía mensual de 1.108,33 euros, e que son os seguintes

Posto	DNI	Nome e Apelidos
-------	-----	-----------------

**TERCEIRO.-** Publicar esta resolución na páxina web municipal, taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica municipal, e dar conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno nas vindeiras sesións ordinarias que se celebren.

Documento asinado electrónicamente polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Lois García Carballido, ante min, a secretaria, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde

A secretaria

Asdo.: Xosé Lois García Carballido

Asdo.: Antía Pena Dorado



CONCELLO DE PONTECESO  
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL: 01150682  
RELG: MU2000/15